

1.º Líder

Residencia A e Piringalla A prebenxamin do Grupo Sur A disputaron o encontro da xornada, no que se medían dous equipos que seguen invictos tralo empate a cinco goles asinado onte pola mañá no Municipal da Cheda



MÁXIMA EMOCIÓN

DIVISIÓN HONRA XUVENIL

O Lugo segue de tres en tres



Nova vitoria, nesta ocasión contra o Perines antes de recibir ao Real Oviedo a próxima fin de semana nunha xornada con duelos directos no alto da táboa

PROVINCIAL XUVENIL

A SD Ribadeo meteuse por un gol no Provincial

O Cospito quedou ás portas de entrar como cuarto mellor clasificado ao ter máis 8 goles no gol average xeral. Os mariñoas teñen máis 9, o que lles vale a clasificación

PROVINCIAL INFANTIL

Definidos os nove equipos clasificados

SD Viveiro, Ribadeo, Burela, Rácing Villalbés, Lugo B, Sagrado Corazon, Sarriana, Becerreá e Residencia B loitarán polo título Provincial e polas prazas para disputar as fases de ascenso

LIGA GALEGA CADETE

O Villalbés remontou ante un gran Viveiro

Os de Luchi foron mellores na primeira parte e Trasi adiantou aos mariñoas antes do descanso. Na segunda metade, Diego, con dous goles, o terceiro no último minuto, certificou a remontada chairega





Clasificacións » Ligas Superiores e Provinciais

XUVENIL D. DE HONRA

RESULTADOS	
R. Santander - Covadonga	5-1
Ural - Colindres	3-1
At. Perinés - CD Lugo	1-3
R. Oviedo - Val Miñor	2-0
Alondras - Deportivo	1-1
R. Ferrol - RC Celta	1-4
Pontevedra - Sp. Gijón	1-2
Bansander - TSK Rocés	3-0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTOS	X	G	E	P	GF	GC
RC CELTA	30	11	10	0	1	30	9
CD LUGO	26	11	8	2	1	24	12
SPORTING GIJÓN	24	11	7	3	1	36	10
REAL OVIEDO	24	11	7	3	1	22	6
R. SANTANDER	22	11	7	1	3	29	13
URAL CF	19	11	6	1	4	26	15
RC DEPORTIVO	18	11	5	3	3	19	11
BANSANDER	14	11	4	2	5	12	18
TSK RÓCES	14	11	4	2	5	11	21
ATL. PERINÉS	13	11	3	4	4	15	20
RACING FERROL	12	11	3	3	5	14	21
ED VAL MIÑOR	12	11	3	3	5	13	21
PONTEVEDRA CF	6	11	2	0	9	10	26
CD COLINDRES	5	11	1	2	8	5	22
ALONDRA CF	5	11	1	2	8	5	29
CD COVADONGA	3	11	0	3	8	6	23

PRÓXIMA XORNADA

Deportivo - Bansander	Sp. Gijón - At. Perinés
TSK Rocés - R. Ferrol	CD Lugo - R. Oviedo
RC Celta - R. Santander	Colindres - Alondras
Covadonga - Pontevedra	Val Miñor - Ural CF

XUVENIL LIGA NACIONAL

RESULTADOS	
Orillamar - Valladares	2-3
Porriño - Pabellón	2-2
CD Lugo B - Conxo	1-7
Val Miñor B - Sta. Mariña	2-1
RC Celta B - RC Villalbés	3-1
Arosa SC - CD Aresoa	2-1
Choco - CD Lerez	2-2
Victoria - R. Bouzas	2-2
Deportivo B - Calasanz	1-3

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTOS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA "B"	25	10	8	1	1	26	10
PABELLÓN C.F.	23	10	7	2	1	26	10
VICTORIA C.F.	23	10	7	2	1	22	11
C.D. CALASANZ	22	10	7	1	2	19	10
DEPORTIVO "B"	19	10	6	1	3	17	11
C.D. AREOSA	16	10	5	1	4	15	13
R. VILLALBES	16	10	5	1	4	12	14
C.D. CHOCO	14	10	4	2	4	12	11
RAPIDO BOUZAS	14	10	4	2	4	12	11
C.D. CONXO	13	10	4	1	5	23	21
VAL MIÑOR "B"	13	10	3	4	3	11	10
ORILLAMAR S.D.	11	10	3	2	5	21	27
PORRINO C.F.	11	10	3	2	5	13	19
GALICIA CARANZA	10	10	3	1	6	12	13
SANTA MARINÁ	10	10	3	1	6	12	13
VALLADARES	8	10	2	2	6	11	18
AROSA S.C.	8	10	2	2	6	9	18
C.D. LEREZ	5	10	1	2	7	12	29
C.D. LUGO "B"	4	10	1	1	8	8	23

PRÓXIMA XORNADA

Orillamar - Porriño	CD Aresoa - Choco
Pabellón - CD Lugo B	CD Lerez - Victoria
Conxo - Val Miñor B	R. Bouzas - Deportivo B
Sta. Mariña - RC Celta B	Valladares - Calasanz
RC Villalbés - Arosa SC	

XUVENIL GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Ural B - Boiro	2-2
Compostela - At. Arteixo	2-1
Residencia - Victoria B	1-3
As Pontes - Estrada FB	1-2
G. Caranza - Bergantiños	0-0
Montañeros - Viveiro CF	1-1
EF Lalín - Dumbria	2-0
Conxo B - At. Riveira	6-1
O Val - Betanzos	3-0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTOS	X	G	E	P	GF	GC
E.F. LALIN	28	10	9	1	0	29	6
S.D. COMPOSTELA	25	10	8	1	1	26	11
S.O. O VAL	21	10	7	0	3	22	16
BERGANTINOS C.F.	20	10	6	2	2	19	9
MONTAÑEROS C.F.	19	10	5	4	1	20	10
C.F. DUMBRIA	17	10	5	2	3	15	13
URAL C.F. "B"	15	10	4	3	3	24	16
ESTRADA FB	15	10	5	0	5	14	19
GALICIA CARANZA	10	10	4	2	4	16	15
C.D. BOIRO	11	10	3	2	5	13	17
VICTORIA C.F. "B"	10	10	3	1	6	17	22
S.D. RESIDENCIA	10	10	3	1	6	15	25
C.D. AS PONTES	8	10	2	2	6	11	16
BETANZOS C.F.	7	10	2	1	7	13	30
AT. DE RIVEIRA	7	10	2	1	7	20	42
AT. ARTEIXO	3	10	0	3	7	11	22

PRÓXIMA XORNADA

Ural B - Compostela	Viveiro CF - EF Lalín
At. Arteixo - Residencia A	Dumbria - Conxo B
Victoria B - As Pontes	At. Riveira - O Val
Estrada FB - G. Caranza	Boiro - Betanzos
Bergantiños - Montañeros	

XUVENIL GALEGA SUR

RESULTADOS	
Ribadumia - Tomiño	1-3
Coruxo - Comesaña	2-0
Calasancio - A Seca	0-1
Barco - Choco B	1-1
Alondras B - UD Ourense	0-0
Ourense CF - Barbadas	1-0
Vila Corpus - Verín	1-0
Portonovo - Monteporreiro	0-0
Pabellón B - AJ Lerez	3-3

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTOS	X	G	E	P	GF	GC
OURENSE C.F.	24	10	8	0	2	31	12
UD. OURENSE	23	10	7	2	1	23	9
MONTPEPAREIRO	22	10	7	1	2	25	13
VILA DO CORPUS	20	10	6	2	2	20	18
CORUXO F.C.	18	10	5	3	2	15	11
A.J. LEREZ	16	10	5	1	4	26	17
UD. BARBADAS	16	10	5	1	4	14	13
PABELLÓN "B"	15	10	4	3	3	27	17
A.D. TOMINO	14	10	4	2	4	30	28
A.C.D. A SECA	13	10	4	1	5	21	18
C.D. RIBADUMIA	13	10	4	1	5	20	24
E.D. VERIN	12	10	3	3	4	16	14
C.P. CALASANCIO	12	10	3	3	4	8	16
ALONDRA C.F. "B"	11	10	3	2	5	15	19
UD. COMESAÑA	11	10	3	2	5	19	24
PORTONOVO S.D.	6	10	1	3	6	11	23
C.D. CHOCO "B"	6	10	1	3	6	7	22
C.D. BARCO	1	10	0	1	9	8	38

PRÓXIMA XORNADA

Ribadumia - Coruxo	Barbadas - Vila Corpus
Comesaña - Calasancio	Verín - Portonovo
A Seca - Barco	Monteporreiro - Pabellón B
Choco B - Alondras B	Tomiño - AJ Lerez
UD Ourense - Ourense CF	

CADETE DIVISIÓ HONRA

RESULTADOS	
Ural - Val Miñor	2-0
Coruxo - Pabellón	0-2
CD Lugo - Conxo	2-2
Ourense CF - Sta. Mariña	2-1
RC Celta - Bergantiños	11-0
Montañeros - CD Aresoa	0-1
R. Ferrol - Pontevedra	3-2
Victoria - San Tirso	0-2
RC Deportivo - Calasanz	1-3

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTOS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	25	10	8	1	1	28	8
R.C. CELTA S.A.D.	24	10	8	0	2	47	9
PABELLÓN	22	10	7	1	2	24	12
URAL C.F.	22	10	7	1	2	20	10
PONTEVEDRA C.F.	18	10	6	0	4	21	15
C.D. CALASANZ	17	10	5	2	3	14	13
CORUXO F.C.	16	10	5	1	4	15	14
C.B. LUGO	15	10	4	3	3	22	15
VAL MIÑOR	14	10	4	2	4	17	14
SAN TIRSO S.D.	14	10	4	2	4	18	16
OURENSE C.F.	14	10	4	2	4	13	17
RACING FERROL	13	10	4	1	5	13	23
C.D. CONXO	12	10	3	3	4	15	15
SANTA MARINÁ	9	10	2	3	5	11	20
BERGANTINOS C.F.	9	10	2	3	5	15	33
VICTORIA C.F.	6	10	2	0	8	11	24
C.D. AREOSA	4	10	1	1	8	10	29
MONTAÑEROS C.F.	2	10	0	2	8	5	32

PRÓXIMA XORNADA

Ural - Coruxo	CD Aresoa - R. Ferrol
Pabellón - CD Lugo	Pontevedra - Victoria CF
Conxo - Ourense CF	San Tirso - Deportivo
Sta. Mariña - RC Celta	Val Miñor - Calasanz
Bergantiños - Montañeros	

CADETE GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Ural B - Lalín	1-2
Bertamirans - Deportivo B	2-0
Dumbria - Victoria B	2-1
San Tirso B - Estrada FB	3-1
G. Caranza - Bergantiños B	0-2
RC Villalbés - Viveiro CF	3-2
Orillamar - CD Lugo B	0-1
X. Oroso - Milagrosa	6-2
R. Ferrol B - Calasanz B	1-1

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTOS	X	G	E	P	GF	GC
BERTAMIRANS C.F.	28	10	9	1	0	27	8
X. OROSO	25	10	8	1	1	36	13
C.F. DUMBRIA	25	10	8	1	1	19	9
RACING VILLALBES	24	10	8	0	2	27	12
DEPORTIVO "B"	22	10	7	1	2	26	10
GALICIA CARANZA	19	10	6	1	3	30	18
BERGANTINOS "B"	17	10	5	2	3	11	7
SAN TIRSO S.D. "B"	15	10	4	3	3	19	15
C.B. LUGO "B"	15	10	5	0	5	15	21
ESTRADA FB	14	10	4	2	4	15	18
C.D. CALASANZ	12	10	3	3	4	14	12
VIVEIRO C.F. "A"	9	10	2	3	5	13	20
C.D. CONXO	8	10	2	2	6	9	17
E.F. LALIN	8	10	2	2	6	11	21
R. FERROL "B"	5	10	1	2	7	6	29
VICTORIA C.F. "A"	4	10	1	1	8	11	23
S.C.D. MILAGROSA	4	10	1	1	8	8	31
ORILLAMAR S.D.	3	10	1	0	9	6	29

PRÓXIMA XORNADA

Ural B - Bertamirans	Viveiro CF - Orillamar
Deportivo B - Dumbria	CD Lugo B - X. Oroso
Victoria B - San Tirso B	Milagrosa - R. Ferrol B
Estrada FB - G. Caranza	Lalín - Calasanz B
Bergantiños B - Villalbés	



INFANTIL GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Ural - San Tirso	0-2
Bertamirans - Deportivo	0-3
Residencia - Victoria	1-7
Imperator - X. Oroso	0-11
Milagrosa - Bergantiños	0-3
Montañeros - G. Caranza	4-3
EF Lalín - CD Lugo	2-2
Conxo - At. Riveira	4-2
R. Ferrol - Calasanz	1-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	30	10	10	0	0	62	5
BERTAMIRANS F.C.	27	10	9	0	1	43	7
MONTAÑEROS C.F.	24	10	7	3	0	31	8
VICTORIA C.F.	19	10	6	1	3	33	28
RACING FERROL	19	10	6	1	3	20	19
URAL C.F.	19	10	6	1	3	15	15
E.F. LALIN	17	10	5	2	3	29	25
X. OROSO	16	10	5	1	4	35	14
C.D. CONXO	15	10	4	3	3	21	23
C.D. LUGO	14	10	4	2	4	23	15
SAN TIRSO S.D.	13	10	3	4	3	14	15
C.D. CALASANZ	11	10	3	2	5	14	26
BERGANTINOS C.F.	10	10	3	1	6	14	22
AT. DE RIVEIRA	9	10	3	0	7	18	35
IMPERATOR O.A.R.	9	10	3	0	7	14	37
GALICIA CARANZA	6	10	2	0	8	15	35
S.D. RESIDENCIA	1	10	0	1	9	7	45
MILAGROSA	0	10	0	0	10	5	47

O Lugo adquire bos costumes

NOVA VITORIA COA SOLVENCIA COMO SINAL DE IDENTIDADE antes de encarar a próxima xornada, na que catro dos cinco primeiros equipos se miden en dous duelos directos



Árbitro: Aiz. Campo: Complejo Deportivo Vicente Miera - Santander

O Lugo está adquirindo o mellor dos costumes na División de Honra xuvenil, e non é outra que habituarse a gañar independentemente do rival, o escenario e as condicións que envolven cada partido.

Nesta xornada os de Álex Antón viaxaban a Santander para medirse cun clásico desta competición como é o Perines, pero tamén é coñecido o seu terreo de xogo no que os partidos están marcados pola intensidade, as disputas e as segundas accións. Especialmente neste partido ao engadir-lle o ingrediente do vento, que foi un dos protagonis-

1

DEBUT NO ONCE INICIAL

Raúl Antas disputou o primeiro encontro de titular nun partido que contou tamén co debut de Iván Noé coma delegado

tas ao longo dos noventa minutos.

Malia ter o aire a favor na primeira parte o Lugo xogou no seu campo, coas liñas xuntas para facerse forte ante o fútbol directo dos locais. O perigo do Perieés chegaba tamén en accións a balón parado como unha dubidosa falta ante a que se luciu Losada, pero no rexeite o Perineé



Os xogadores do Lugo celebrando un gol a pasada xornada ante o Pontevedra na Cheda

inaugurou o marcador co un a cero antes do cuarto de hora inicial.

Este contratepmento non puxo nervioso ao Lugo, e nada máis sacar de centro foise con descaro a pola remontada. Christian estivo a piques de asinar o empate cun remate de cabeza, pero este o asinou Casariego cun dos goles da tempada.

Schuster sacou unha

falta lateral que foi rexeitada e o balón caeu en poder do lateral albivermello, que cun potente disparo desde corenta metros perforou a portaría local para devolver as táboas ao marcador.

O Lugo estaba crecido e non se conformou co empate. Pouco despois do un a un, Schuster probou fortuna de lonxe e o golpeo do centrocampista

lucense, axudado polo aire, sorprendeu ao porteiro cántabro subindo deste xeito o un a dous ao marcador no ecuador dunha primeira parte na que o Lugo puido matar o partido con algunha chegada clara entre a que destacou un remate de Álex Ramos.

O Perines quixo esgotar as súas opcións tralo paso polos vestiarios cunha intensa posta en

“Competimos a moi bo nivel nun campo moi difícil e nun partido marcado polo vento”

ÁLEX ANTÓN CD Lugo

escena, pero o Lugo puxo terra polo medio no marcador moi pronto, aos catro minutos do segundo tempo ao transformar Álex Ramos un penalti cometido por mans dun defensa local dentro da área.

A partir de aí o Lugo tirou de galones ante un Perines que non puido sacar proveito de ter o aire a favor nunha segunda parte marcada pola solvencia defensiva do Lugo.

Próxima xornada

A División de Honraponse a lume vivo pola parte alta da clasificación. Na próxima xornada o Lugo, segundo, recibe ao Oviedo, empatado no terceiro posto a dous puntos dos lucenses, e o líder, o Celta de Vigo, recibe na Madroa ao quinto clasificado, o Racing de Santander.

TROFEO JORGE TATO XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
CHRISTIAN	CD Lugo	5	XABI B.	CD Lugo B	17	GABRIEL	RC Villalbés	10	LUIS	Viveiro CF	17	AYMAN	CD Lugo	5	CEREJO	Calasancio	12
VELOSO	Residencia	5	ANXO	RC Villalbés	12	BRIAN	CD Lugo	6	CADRA	RC Villalbés	11	MOHA	CD Lugo	4	BUIDE	CD Lugo	12
ÁLEX RAMOS	CD Lugo	4	MACLY	Viveiro CF	11	MANU	CD Lugo	5	MIGUEL	SCD Milagrosa	11	PÉREZ	CD Lugo	4	GONZALO	Milagrosa	12
MOREDA	RC Villalbés	4	XOEL EUJO	Viveiro CF	10	LUIS	Viveiro CF	5	GABI	RC Villalbés	10	NACHO	Calasancio	3	MARCOS	Milagrosa	12
DAVID LÓPEZ	RC Villalbés	4	MOREDA	RC Villalbés	9	PÉREZ	CD Lugo	3	GABRIEL	RC Villalbés	10	DANI	CD Lugo	3	ALVITE	Residencia	12
BATALLÓN	Residencia	4	ÓSCAR	RC Villalbés	9	SAMUEL	CD Lugo	3	TRASI	Viveiro CF	10	CEREJO	Calasancio	2	MAEL	Residencia	10
GABARRE	CD Lugo	3	GARCÍA	Residencia	9	BORJA	CD Lugo B	3	XOEL IRIMIA	CD Lugo B	9	DÍAZ	Calasancio	2	TONI	Calasancio	9
JAIRÓ	Viveiro CF	3	JAIRÓ	Viveiro CF	9	IAGO GESTO	RC Villalbés	3	MANEL	CD Lugo B	9	BUIDE	CD Lugo	2	NACHO	Calasancio	6
PABLO C.	Viveiro CF	3	ANDRÉS	Calasancio	8	DIEGO C.	SCD Milagrosa	3	IAGO	SCD Milagrosa	9	ALONSO	Residencia	2	MANU F.	CD Lugo	6
ABEL	Calasancio	2	ÁLEX	Calasancio	7	TRASI	Viveiro CF	3	DENIS	SCD Milagrosa	9	JAVI	Calasancio	1	B. VASCO	Milagrosa	6
SERGI	Calasancio	2	DAVID	RC Villalbés	7	CASTRÍN	CD Lugo	2	DANI	RC Villalbés	8	ANTÓN	CD Lugo	1	HUGO	Milagrosa	6
MARTÍN	CD Lugo	2	IVÁN	Viveiro CF	7	GABRI	CD Lugo B	2	BORJA	CD Lugo B	6	IKER	CD Lugo	1	HUGO P.	Residencia	6
ÓSCAR	CD Lugo	2	ABEL	Calasancio	6	FREIRE	CD Lugo B	2	CABADO	RC Villalbés	6	MARCO	CD Lugo	1	CARMEN	Calasancio	5
SCHUSTER	CD Lugo	2	JORGE	Calasancio	6	LEO	CD Lugo B	2	BRAIS	SCD Milagrosa	6	ROSÓN	CD Lugo	1	DANI	CD Lugo	5
RAMOS	CD Lugo	2	PABLO D.	Residencia	6	GABI	RC Villalbés	2	CABARCOS	SCD Milagrosa	6	AHÍTO	Milagrosa	1	JORGE	CD Lugo	5
YAGO	CD Lugo B	2	JUAN	Viveiro CF	6	RAÚL L.	RC Villalbés	2	ALEJANDRO	Viveiro CF	6	BRUNO	Milagrosa	1	MOHA	CD Lugo	5
SAMUEL	RC Villalbés	2	IAGO	Calasancio	5	CADRA	RC Villalbés	2	PAJÓN	SCD Milagrosa	5	HUGO	Milagrosa	1	ROSÓN	CD Lugo	5
FONSECA	Residencia	2	SERGI	Calasancio	5	YAGO	SCD Milagrosa	2	BOIXET	Viveiro CF	5	RAÚL	Milagrosa	1	DAVID	Residencia	5
REIGOSA	Residencia	2	XAIRO	CD Lugo B	5	JERICÓ	Viveiro CF	2	NOVO	Viveiro CF	5	ERIK	Residencia	1	DÍAZ	Calasancio	4
XAVI	Viveiro CF	2	ÁNGEL	Residencia	5	DIEGO	RC Villalbés	2	FREIRE	CD Lugo B	4	JULIO	Residencia	1	IAGO	Calasancio	4
JORGE	Viveiro CF	2	FONSECA	Residencia	5	JAVIER	CD Lugo	1	MATEO	CD Lugo B	4	SAÚL	Residencia	1	LAMUS	Calasancio	4
BORJA	Viveiro CF	2	XAVI	Viveiro CF	5	LUIS	CD Lugo	1	RAÚL C.	RC Villalbés	4	XAVI	Residencia	1	LEO	Milagrosa	4
DANI	Calasancio	1	JAVI	Calasancio	4	MANEL	CD Lugo	1	MARIO	SCD Milagrosa	4	NICO F.	Residencia	1	CRIS	Milagrosa	4
JAVI	Calasancio	1	PORTO	CD Lugo B	4	BORJA	CD Lugo	1	LUCAS	Viveiro CF	4	-	-	-	NICO S.	Residencia	4
JORDI	Calasancio	1	RUBÉN	CD Lugo B	4	SIRO	CD Lugo	1	JORGE	CD Lugo B	3	-	-	-	DENIS	Calasancio	3
JORGE	Calasancio	1	XABI D.	CD Lugo B	4	DARÍO	CD Lugo B	1	LUIS	CD Lugo B	3	-	-	-	BRAIS M.	Calasancio	3
			ÁLEX	RC Villalbés	4	JORGE	CD Lugo B	1	HUGO	RC Villalbés	3	-	-	-			

O Lugo B volve mergullarse

TRAS SACAR A CABEZA A PASADA XORNADA ante o Santa Mariña, o Conxo Santiago varreu do campo aos lucenses cunha exhibición de potencia e acerto no Municipal do Corgo



Asier golpeando o balón ante a mirada de Brais



Arbitro: Jesús López Fdez. Iago Castro e Alberto Lago. Campo: Municipal do Corgo

“El resultado lo dice todo. Tenemos que olvidarnos cuanto antes de este partido” **DIEGO SÁNCHEZ** CD Lugo B

O Lugo B sufriu un duro correctivo dun Conxo Santiago que exhibiu un potencial tremendo no Corgo, indigno dun equipo que está na zona media baixa da Liga Nacional xuvenil.

Os de Diego Sánchez encaraban o partido con moitas ganas de darlle continuidade aos tres puntos conseguidos a pasada xor-

nada ante o Santa Mariña, pero desde os primeiros minutos palpouse que as variantes introducidas serían engullidas por un rival plétórico.

Os composteíáns inauguraron o marcador aos catro minutos, na súa primeira chegada, e ampliárono ao transformar un penalti. A partir de aí o Lugo B xa non foi capaz de repoiñerse e o

Conxo Santiago cheirou o sangue e foi directo á ferida. Antes do descanso sentenciaron o partido con dous golazos para levar o marcador ata o cero a catro ao final da primeira parte.

Na segunda, sen nada que perder, o Lugo B intentou levantarse, xogou un

pouco máis en campo rival coa entrada de Xabi Becerra ao campo, que foi o autor do único gol local cun disparo desde a frontal nun partido do que hai que facer borrón e conta nova canto antes, xa que no horizonte aparece o potente Pabellón Ourense na próxima xornada.



Rey presionando a un rival ante a mirada de Rivas



Rubén presionando a saída de balón dun defensa rival

O Rácing Villalbés encaixou unha derrota das que non doen

BOA IMAXE DOS DE CHOLAS NA MADROA, que acusaron os dous últimos goles en propia porta logo de que David alimentase o soño dos puntos tras empatar ao inicio da segunda parte



Samuel presionando a un defensa rival no Estadio Roca



Arbitro: Rubén Extremadura, Yago Prieto e Samuel García. Campo: A Madroa 2

O Rácing Villalbés conseguiu ao que aspiran a maioría dos equipos cando pasan pola Madroa: saír coa cabeza alta. Os de Cholas conseguiron tras noventa minutos nos que, por momentos, ata chegaron a estar cómodos

no terreo de xogo.

O Rácing saíu con vida do tramo inicial, no que o Celta B imprimiu un ritmo frenético e xerou moitas ocasións. Cholas deu coa tecla ao intercambiar as posicións de Marín e Paulo, e con iso

“Un lujo el poder jugar contra equipos de este nivel. Por eso tiene más mérito el partido realizado por todos los jugadores. Disfrutamos compitiendo con nuestro modelo”

CHOLAS Rácin Club Villalbés

o Villalbés tomou algo de osíxeno malia que os celestes inauguraron o marcador.

Antes do descanso Dani ata acariño o empate tras unha falta lateral que peiteou David, pero o porteiro local lucíuse no remate do central.

De cara á segunda parte, coa entrada de Herrero, o Villalbés tivo máis profundidade, continuou repre-

gado pero con máis perigo á contra. David fixo soñar ao Rácing ao empatar o encontro tras un córner, pero por diante aínda quedaba media hora.

Trinta minutos nos que o Villalbés caeu coa cabeza alta, pero ademais de carecer de fortuna tivo moi mala sorte ao encaixar os dous últimos goles en propia porta ante un Celta B que pasou un mal grolo na Madroa.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS
PAULO 1 1 1
ÓSCAR 1 1
DAVID 1



Mario loitando por un balón dividido ante Pedrito



Batallón anticipándose a un dianteiro herculino



Pedrito a piques de controlar o balón ante Mario

A Residencia volve ser fráxil

O 0-2 AO CUARTO DE HORA INICIAL obrigou aos de Dani Galán a remar contracorrente. As baixas de Veloso e Revuelta seguen pasando factura aos da Cheda

SDC RESIDENCIA	1	3	VICTORIA B
Gol: Reigosa			Goles: Raúl, Martín e Miguel



Arbitro: Javier Pérez Prado, Ángel Pérez Rodríguez e Fran Folgueira Rios. Campo: A Cheda

“Seguimos cometiendo errores que nos impiden competir” **DANI GALÁN** SDC RESIDENCIA

Terceiro encontro no ansiado regreso á Cheda e terceira derrota para a Residencia, que incomprendiblemente neste tramo de competición está-selle dando mellor xogar en campos de reducidas dimensións.

Ante o Victoria B os de Dani Galán volveron ser

penalizados con moita contundencia nos seus erros.

O primeiro nada máis empezar, aos dez minutos, ao encaixar un golazo do nove herculino tras un erro nunha disputa de balón, pero sen tempo para asimilar o golpe, chegou o cero a dous ao cuarto de hora, nesta ocasión tras

un penalti innecesario.

A partir de aí, a Residencia tivo que remar contracorrente unha vez máis, nun campo grande no que o rival pechouse e aproveitou os espazos á contra para xerar sensación de perigo en cada perda de balón local.

Nos minutos finais da primeira parte a Resi buscou e mereceu recortar distancias en accións a balón parado, pero non tivo a fortuna necesaria. Con todo

isto axudou a que os da Cheda soñasen cos puntos tras recuperar forzas nos vestiarios.

A Residencia saltou ao campo con ganas de remontada na segunda parte, pero á primeira de cambio un novo erro defensivo supuxo o cero a tres co que quedou sentenciado un encontro no que Reigosa, cun remate no segundo pau, maquillou o marcador final nos últimos minutos dun encontro no que debutou baixo paus esta tempada Sanmiguel.

OS MELLORES

RESIDENCIA

PABLO 2 2 2

GARCÍA 2 2 2

ANDER 2 2 2

A sorte deulle as costas ao Calasancio

CALASANCIO	0	1	A SECA
------------	---	---	--------



Goles: Jose polo A Seca

Arbitro: Rubén Pérez Martínez, Javier Prende Cacabelos e Ismael Álvarez Yzquierdo

“A falta de tino e a mala sorte en momentos puntuais do encontro priváronnos de gañar este partido”

RUBÉN NÚÑEZ Calasancio

OS MELLORES

CALASANCIO

ANDRÉS 2 2 2

SERGI 2 2 2

ÁLEX 2 2 2

Calasancio, mentres que os de Rubén Núñez estiveron cómodos levando o peso do partido.

A ocasión máis clara nos primeiros corenta e cinco minutos foi para Jorge cun disparo ao longo na recta final do primeiro tempo. De cara á segunda parte Jorge e David intercambiaron posicións e o Calasancio dispuxo de novo dunha clara ocasión para inaugurar o marcador cun remate de David desde dentro da área pequena tras centro de Abel que se foi rozando o poste. Pouco despois Dani, cun remate desde o chan tras pase da morte de Jorge, volveu acariñar o un a cero, pero cando o partido camiñaba con paso firme cara ao empate, o A Seca levouse o premio gordo tras un barullo na área no que o balón terminou no fondo das mallas tras unha serie de rexeites co tempo xa cumprido.

As ocasións máis claras foron para os monfortinos nun partido que comezou con dúas formulacións moi claras: Os visitantes replegados e con dous puntas liberados de tarefas defensivas que mantiñan en xaque aos defensas do

O Viveiro mantén o seu goteo de puntos

MONTAÑEROS	1	1	VIVEIRO CF
------------	---	---	------------



Goles: Álvaro polo Montañeros e Borja polo Viveiro

Arbitro: Óscar Regos Martínez, Adrián De Vega e Andrés Cabana

“Sumamos un buen punto para seguir creciendo como equipo”

ANTONIO S. Viveiro CF

4

PARTIDOS SEN PERDER

O Viveiro encadea dous empates a domicilio e dúas vitorias no Marcos Gómez nos últimos catro encontros disputados na Liga Galega xuvenil

en repliegue ante un Viveiro que fixo un fútbol control durante gran parte dos minutos.

Nun partido con tan poucas chegadas ás áreas o que marcouse primeiro tería

moito camiño percorrido, e ese foi o Viveiro

ao rematar Borja unha falta lateral lanzada por Jairo na recta final da primeira parte.

Tralo descanso a misión era campar os primeiros minutos de presión local, pero o Montañeros atopouse co empate nunha acción illada aos sete minutos. A partir de aí ningún equipo arriscou máis do necesario e Macly, por dúas ocasións, foi o único que se negou a asinar o pacto de non agresión nunha segunda parte con moitísimo centro do campo e poucas ocasións.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

XOEL E. 2 2 2

JAIRO 2 2 2

BORJA 2 2 2

Un gol no tempo de descato castigou en exceso ao Calasancio nas Instalacións Deportivas Álex Blanco, de onde o A Seca levouse os tres puntos en xogo.

O Viveiro mantén o goteo de puntos neste tramo de competición no que sumaron nos últimos catro encontros disputados. Dúas vitorias no Marcos Gómez e dous empates a

domicilio, o último o pasado sábado ante o Montañeros na Coruña.

A igualdade e a escasez de ocasións marcaron os noventa minutos nos que os herculinos armáronse



Mateo nunha internada pola banda esquerda



Samu presionando a un xogador compostelán



Manu a piques de disparar a portaría ante un rival



Os xogadores do Lugo celebrando o un a cero de Manu

O vento foi o principal factor condicionante

O AIRE XOGOU UN PAPEL IMPORTANTE en tres dos catro goles. O Lugo segue sen reconciliarse coa vitoria na casa

O Lugo terá que esperar a outra ocasión para reconciliarse cos tres puntos en casa, xa que aos de Martín Murado escapáronselles dous ante o Conxo Santiago nun partido condicionado polo vento.

Os dous equipos quixeron xogar o balón, pero as reducidas dimensións do campo e o aire fixeron que fose imposible. As disputas e segundas xogadas gañaron moito protagonismo nun partido no que o Lugo xerou perigo na primeira parte con chegadas ata a liña de fondo de Mateo e

Iago Fernández. Precisamente este último protagonizou unha gran acción polo carril diestro que terminou en saque de esquina. O córner lanzouno Manu e, axudado polo vento, asinou o un a cero cun gol olímpico á media hora de partido.

Tralo descanso os composteláns tiñan o aire a favor, pero o Lugo atopouse cómodo nos primeiros minutos e froito diso chegou o dous a cero. Brian prolongou un balón cara a Manu e este bateu ao porteiro visitante no man a man ampliando os seus rexistros

“Toca levantarse, a victoria na casa chegará pronto”

MARTÍN MURADO CD Lugo

ata os seis goles nos últimos catro encontros.

O Lugo tiña todo de cara para sumar a vitoria, pero o vento tamén sopraba de cara e aliouse cos composteláns, que empataron o encontro en apenas dous minutos.

O dous a un tras unha falta lateral que se envene-

1

VITORIA NA CASA

Esta tempada o Lugo ta só sumou os tres puntos coma local nun dos cinco encontros disputados tras empatar tres e perder outro

nou co aire e o dous a dous nada máis sacar de centro cun disparo afastado.

Con apenas dez minutos por diante o Lugo buscou con máis corazón que cabeza o gol dun triunfo que se lles segue resistindo en casa.

A Milagrosa amagou coa sorpresa

ATA EN DÚAS OCASIÓNS SE ADIANTARON OS DE MADRILES ante un Xuventude Oroso que suma 8 vitorias consecutivas na Liga Galega



Borja a piques de deter un disparo a portaría

A Milagrosa amagou con dar unha das grandes sorpresas da xornada na Liga Galega cadete tras adiantarse en dúas ocasións e chegar por diante ao descanso ante todo un Xuventude Oroso, que en casa se mantén invicto esta tempada e que suma oito vitorias consecutivas na competición.

Os locais quixeron o balón e a Milagrosa cedeuno de bo gusto para estar replegada e saír á contra coas ideas claras. O plan dos de Madriles executouse á perfección nos primeiros corenta minutos, co cero a un aos sete de xogo ao inaugurar Cabarcos o



marcador rematando unha falta lateral sen deixar caer o balón.

Ao Oroso entráronlle as presas e a Milagrosa atopábase relativamente cómoda, ata tras empatar os locais nun dos poucos despxes defectuosos dos lucenses na primeira parte, xa que antes do descanso, de novo

Diego Cabarcos gañoulle a partida á zaga local nunha contra para subir o un a dous ao marcador co que terminou a primeira parte.

Tralo paso polos vestiarios a Milagrosa púxose o mono de traba-

“Jugando una sola parte no nos llega y menos ante este tipo de rivales”

MADRILES Milagrosa

llo, pero acusou en exceso o empate a dous do Oroso que chegou cun penalti. A partir de aí, aos de Madriles entráronlles dúbidas e tan só dous minutos despois chegou o tres a dous co que a Milagrosa diluíuse por completo ata encaixar catro goles máis na segunda parte cos que o Xuventude Oroso, tras pasar un moi mal grollo na primeira parte, levou o marcador final ata o avultado seis a dous final.

OS MELLORES

MILAGROSA

CABARCOS 2 2 2

MIGUEL 2 2

DENIS 2



Noel medíndose en carreira con Lucas nun lance do xogo



Trasi protexendo o balón ante a presión de Dani no Roca

Diego castigou en exceso a un bo Viveiro

DOUS GOLES SEUS, O SEGUNDO NO ÚLTIMO MINUTO, deixaron sen premio aos de Luchi, superiores sobre todo na primeira metade do derbi



Arbitro: Pedro Castro Gómez, Fernando Díaz e Iago Caeiro Campo: Estadio Roca

“Boa reacción no segundo tempo nun partido de igualdade no que acadamos demasiado premio ante o Viveiro” **SIMÓN LAMAS** RC Villalbés

“Derrota muy dura e injusta” **LUCHI** Viveiro CF

O Rácing Villalbés asinou o pleno ao quince no Roca ante o Viveiro no derbi Provincial da xornada. Os de Simón Lamas suman por vitorias os cinco encontros disputados en casa.

Fai quince días a Milagrosa puxo este rexistro en dúbida, pero aínda máis o fixo o Viveiro onte pola mañá. Os de Luchi puxéronse o mono de traballo e por momentos, sobre todo na primeira parte, foron superiores no Roca.

O conxunto celeste asentouse antes no campo e ata se animou a xogar o balón nun campo que empezou ben, pero que se foi poñendo cada vez máis pesado co paso dos minutos. Boixet liderou a defensa, Trasi o medio campo e Luis marcaba diferenzas por banda. O Viveiro estaba mellor, pero o Rácing daba latigazos a balón parado que metían o medo no corpo aos mariñaos.

O partido camiñaba con paso firme cara ao cero a cero ata que Álex se fixo cun rexeite en campo propio e iniciou unha contra que finalizou Trasi tras pasar o balón por Luis cun remate desde dentro

da área. Por diante corenta minutos vibrantes e frenéticos nos que Simón Lamas luciu fondo de armario. Retirou a pesos pesados e meteu frescura no campo con Diego como protagonista. O punta fixo o empate e Iago Gesto, tan só dous minutos despois, o dous a un nun visto e non visto.

O Viveiro quedou tocado pero non afundido, revivíuno Roberto ao rematar un pase da morte de Luis para facer o empate a dous que parecía definitivo ata que, na última xogada do encontro, Diego castigou en exceso ao Viveiro e recompensou demasiado ao Villalbés co definitivo 3-2 tras rematar



Luis conducindo o balón ante Raúl Cendán en medio campo



Juan depexando o esférico ante a presión de Iago Gesto



Candál encarando a Jericó ante a mirada de Alejandro

A inercia positiva guiou ao Lugo ante o Orillamar

SEGUNDA VITORIA

consecutiva para os de Edu Rodríguez e terceira nos últimos catro encontros



Gol: Borja polo CD Lugo B

Arbitro: Héctor Castañeira Blanco, Rubén Glez Gómez e Gabriel Placín Aguado

“No nos podemos quedar con el resultado. Debemos analizar lo que hicimos mal en este partido”

EDU RODRÍGUEZ CD Lugo B

O Lugo B levou os tres puntos en xogo ante o Orillamar na Coruña, tras un partido máis efectivo que vistoso no que os lucenses tiveron un premio excesivo. A dinámica positiva guioulles ata o segundo triunfo consecutivo e o terceiro nos últimos catro partidos cos que o filial albiroxo toma impulso na clasificación.

Desde os primeiros minutos o Lugo B quixo o balón, pero as ocasións máis claras foron para os herculinos, aínda que tiveron a pólvora mollada ante Jacobo.

O cero a cero era un bo resultado para o Lugo B ao descanso, pero o premio gordo chegou nos minutos finais do primeiro tempo ao inaugurar Borja o marcador logo de transformar un penalti sobre el mesmo.

Xa na segunda parte o partido rompeuse e foi un ida e volta do que o Lugo B saíu con vida pese a que o Orillamar volveu dispoñer das ocasións máis claras. Ao final, vitoria que sobe a moral a un Lugo B discreto no xogo.

OS MELLORES

CD LUGO B

MANEL 10

BORJA 10

NICO 10

As áreas dictan sentenza

A EFICACIA DO SALGUEIRIÑOS VALEU OS TRES PUNTOS ante un Calasancio ao que lle costa máis ver porta, polo que as súas opcións pasan por non encaixar tantos goles



Árbitro: Borja Quiroga Cerviño. Joel Lanzos e Manuel Moure. Campo: Álex Blanco

O Calasancio cedeu os tres puntos ante o Salgueiriños, un rival que se presentou nas Instalacións Álex Blanco coas ideas moi claras aproveitando o seu potencial físico. Suscitando un partido de fútbol directo no que imponían a súa maior envergadura tanto nas disputas como nas segundas xogadas.

O Salgueiriños ademais exprimió á perfección

outra das súas principais armas, as accións a balón parado. Ao cuarto de hora inauguraron o marcador tras un saque de esquina e á media hora levárono ata o cero a dous logo dun saque de falta lateral.

No descanso Carlos Fontal conseguiu que o Calasancio dese un paso á fronte, pero a reacción mon-

“No logramos competir en este partido ante un rival que tenía las ideas muy claras. Seguimos aprendiendo, ¡Animo!”

CARLOS FONTAL CP Calasancio

fortina cortouse de raíz moi pronto ao encaixar o cero a tres nada máis iniciarse a segunda parte do encontro.

OS MELLORES

CALASANCIO	
TONI	👍👍👍
B. MARIÑO	👍👍
B. DALAMA	👍

Cos cambios o Calasancio, lonxe de baixar os brazos, deu un paso á fronte e Díaz recompensou o bo traballo ao recortar distancias cunha precisa vaselina tras un bo pase de Carmen ao



O punta Nacho presionando a saída de balón rival nun encontro no Álex Blanco

8

GOLES A FAVOR

A única vez que o Calasancio firmou dous tantos nun encontro levouse os tres puntos en xogo, ante o Areosa en Monforte

3

GOLES POR PARTIDO

A media de tantos encaixados por encontro do Calasancio ronda os tres por encontro, 29 nos primeiros dez partidos de Liga

A Residencia presentou batalla, pero o Victoria exhibiu potencial



Nico Fdez, autor do gol da Resi, nun lance do encontro



Nico Suárez trata de frear o avance dun xogador rival

BOA POSTA EN ESCENA DOS DE KAISER, que se viron superados co paso dos minutos polos herculinos



Árbitro: Iván Abel Bruzos. Eduardo Feijoo e Francisco Ibañez. Campo: A Cheda

“Temos que seguir traballando, o esforzo diario levaranos a mellorar como equipo” KAISER SDC Residencia

no vestiario, a Residencia volveu saltar ao terreo de xogo ao comezo da segunda parte con moitas ganas e con máis posesión de balón.

Os da Cheda estiveron a piques de recibir o seu merecido premio cunha ocasión de Nico Fernández na que estivo a piques de asinar o un a dous.

Pouco despois o Victoria volveu tirar de contundencia e con dous goles practicamente consecutivos levou o marcador ata o cero a catro co que todo quedou visto

para sentenza.

Sen baixar os brazos a Residencia continuou competindo ante un rival superior, e Nico Fernández atopou o premio á súa insistencia ao subir ao marcador o momentáneo un a seis na Cheda.

Próxima xornada

A Residencia visita o Mundo de Fútbol de Abegondo onde se medirá co Deportivo nun partido para gozar e para seguir crescendo nunha das prazas máis complicadas da Liga.

OS MELLORES

SDC RESIDENCIA	
MAEL	👍👍👍
ERIC	👍👍
NICO F.	👍

A Milagrosa soñou cos primeiros puntos

OS DE MADRILES mantiveron o cero a cero inicial durante máis dunha hora de xogo ante un Bergantiños superior



A Milagrosa viu como o Bergantiños se levaba os tres puntos do Luis López Gorgoso de Frigsa, pero os de Madriles gañaron en confianza pese a caer ante un rival superior logo de manter o cero a cero inicial durante máis dunha hora de partido.

Os visitantes tiveron o control do encontro a partir da posesión do balón, pero en fronte tiveron un equipo ordenado e que se baleirou en labores defensivos mentres as forzas lles acompañaron.

Pablo estivo moi fiable baixo paus en todas as chegadas do Bergantiños na primeira parte, e en ataque, aínda que a contagotas, a Milagrosa animouse en busca do premio gordo con algún disparo afastado sen excesivo perigo nuns primeiros corenta minutos que terminaron co cero a cero inicial no marcador.

Xa na segunda parte o Bergantiños aproveitou o seu maior potencial físico para imprimirlle unha

66'

CON CERO A CERO tras un desgaste físico tremendo dunha Milagrosa ordenada, pero á que se lle fixo demasiado longo o encontro na Frigsa ante un potente Bergantiños

marcha máis ao partido. A Milagrosa aguantou o tirón inicial cun par de boas intervencións de Pablo, pero o asedio de balóns colgados á área desde as bandas e en accións a balón parado do Bergantiños terminou en derruba pasada a hora de partido en Frigsa co un a cero ao transformar un penalti. Nada máis sacar de centro o equipo visitante roubou o balón e sentenciou o encontro co cero a dous.

A partir de aí a intensidade xa foi moito máis baixa, o partido entrou nun carrusel de cambios e os visitantes asinaron o definitivo e avultado cero a tres cun disparo desde fóra da área.

“Cada vez vemos más cerca la luz que está al final de este tunel”

MADRILES SCD Milagrosa



Marcos, de espaldas, e Brais, presionando a un rival



Pablo a piques de deter un disparo do Bergantiños



Marcos trata de roubarlle o balón a un xogador rival



Ahito e Bruno trata de frear a un xogador rival



Dani controlando o balón nun partido nas Gándaras

“Nos costó mucho controlar el partido como nos hubiese gustado hacerlo” **DANI GALÁN** CD Lugo



Xusto reparto de puntos entre Lalín e Lugo

MÁIS DOMINIO LUCENSE pero con intercambio continuo de golpes

O Lugo presentouse no Manuel Anxo Cortizo de Lalín coas ideas claras e coñecendo á perfección os puntos fortes do seu rival, polo que o encontro transcorreu sobre o previsto e traballado ao longo da semana polos de Dani Galán.

O Lalín cedulle a iniciativa no xogo ao Lugo para esperar en campo propio replegado e saír rápido á contra guiados polo seu xogador máis determinante, Hugo.

O primeiro en pegar foi o Lalín ao impoñer o seu estilo no marcador co un a cero ao culminar unha rápida transición ao regatear Hugo a Raúl no man a man.

